

Comunicado nº 256/19  
3 de outubro de 2019

## ❑ **NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO SOBRE AS “CHICANS” EN MONTAÑA E RALLYMIX:**

Ante a solicitude de instalación de “chicans” con diferentes materiais e formas; a Comisión de Seguridade e a Comisión Executiva da Federación Galega de Automobilismo informan:

- 1.- Para instalar unha “chicane” en calquera subida ou rallymix tense que solicitar con anterioridade, a da presentación da aprobación do regulamento particular da proba, a Secretaría da Federación Galega de Automobilismo por escrito.
- 2.- Terase que aportar a Federación Galega de Automobilismo plano con medidas e material a utilizar “new jersey plástico” (obrigatorio). Só se encherán, como máximo, ata cinco centímetros de auga desde o chan (obrigatorio).
- 3.- Tódalas “chicans” téñense que dotar de catro barreiras (dúas no lado dereito e dúas no lado esquerdo”), estando prohibidas as “chicans” de tres portas a tódolos efectos de utilización e de aprobación.
- 4.- O Delegado de Seguridade, da Federación Galega de Automobilismo, visitará o lugar, acompañado de membros da entidade organizadora, e emitirá un informe que será vinculante para a **aprobación ou denegación** de cada “chicane” en cuestión, así como o regulamento particular da proba.
- 5.- A separación das “new jersey” dependerá da recta anterior, posterior, e da velocidade de chegada a primeira “new jersey”.
- 6.- Cada “chicane” terá que ter dous oficiais (OD), debidamente licenciados, para velar polo correcto uso, reposición, e penalización por movemento ou derribo. Terá que figurar no regulamento particular da proba a penalización. Exemplo: 10 segundos por desprazar, mover, derrubar, ou tirar cada barreira de “new jersey”; con informe por escrito do Comisario OD (aportaráselle folla tipo de penalizacións individualizada para cada posible infractor) ó Colexio de Comisarios Deportivos.
- 7.- Os Comisarios (OD), e as “chicans” terán que estar debidamente reflexados no regulamento particular de cada proba a aprobar pola Secretaría da Federación Galega de Automobilismo.
- 8.- Na especialidade de Rallyes de Asfalto (Campionato de Galicia) prohibese a súa utilización; inclusive nos treitos espectáculo si os houbera.

